



Concello de Vimianzo  
CIF P-1509300-H  
Praza do Concello, 6  
15 129 – Vimianzo (A Coruña)  
Tel. 981 716 001  
[www.vimianzo.es](http://www.vimianzo.es)

## DATOS SOBRE O MERCADO DE TRABALLO EN VIMIANZO

2011

CONCELLO DE VIMIANZO  
Servizo de Emprego e D. Local



Concello de Vimianzo  
CIF P-1509300-H  
Praza do Concello, 6  
15 129 – Vimianzo (A Coruña)  
Tel. 981 716 001  
[www.vimianzo.es](http://www.vimianzo.es)


## SUMARIO

1. Estudo actualizado da estrutura do paro
  - 1.1. Delimitación do mercado de traballo
    - 1.1.1. Ámbito xeográfico
    - 1.1.2. Estrutura da poboación
    - 1.1.3. Afiliación
    - 1.1.4. Empresas
  - 1.2. Análise das estadísticas de paro inscrito
  - 1.3. Conclusións
2. Plans e proxectos de desenvolvemento na Costa da Morte

# 1. Estudo actualizado da estrutura do paro

## 1.1. Delimitación do mercado de traballo

### 1.1.1. Ámbito xeográfico



#### Ambito xeográfico

Municipio de Vimianzo

Está ubicado na provincia da Coruña, na comarca da Terra de Soneira, na zona noroccidental de Galicia, na coñecida como Costa da Morte.

#### Identificación da extensión xeográfica e a densidade de poboación

Superficie: 187,40 km<sup>2</sup>

Habitantes: 8.128

Homes: 3.972

Mulleres: 4.156

Densidade de poboación: 43,37 hab/km<sup>2</sup> (Fonte: INE 2010)


### 1.1.2. Estrutura da poboación

A continuación reflexamos nunha táboa de datos e nunha gráfica a distribución da poboación por idade e sexo:


<b>SOCIEDADE E POBOACIÓN</b>					
<b>Poboación (Padrón)</b>	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
Poboación total	8.128	3.972	4.156	2010	INE
de 0 a 15 anos	805	425	380	2010	INE
de 16 a 64 anos	5.243	2.674	2.569	2010	INE
de 65 e máis anos	2.080	873	1.207	2010	INE
Poboación estranxeira	141	71	70	2010	INE
Idade media	46,8	44,7	48,8	2009	IGE

<b>Movementos naturais da poboación</b>	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
Nacementos	41	15	26	2009	IGE-INE
Defuncións	100	46	54	2009	IGE-INE
Matrimonios	19			2009	IGE-INE
Saldo vexetativo	-59			2009	IGE-INE
<b>Movementos migratorios</b>		Emigracións	Inmigracións	Período	Fonte
Á mesma provincia		156	124	2009	INE
A outra provincia		12	7	2009	INE
A outra comunidade		35	60	2009	INE
Estranxeiro		36	35	2009	INE

## Distribución da poboación de Vimianzo por idade e sexo



A continuación vemos a gráfica que reflexa a tendencia á baixa (liña vermella) do número de habitantes do municipio de Vimianzo



A continuación facemos unha comparativa das densidades de poboación en diferentes ámbitos territoriais na que podemos comprobar que o municipio de Vimianzo está por debaixo dos territorios nos que se engloba:


Territorio	Poboación	Superficie km2	Densidade Hab/km2
Vimianzo	8.128,00	187,40	43,37
Terra de Soneira	19.649,00	372,50	52,75
Prov. A Coruña	1.146.458,00	7.950,40	144,20
Galicia	2.797.653,00	29.574,40	94,60
España	47.021.031,00	505.957,00	92,93


### 1.1.3. Afiliación

A continuación analizamos os datos de afiliación, que nos informan sobre a ocupación por sexo e sectores no municipio de Vimianzo, na comarca de Terra de Soneira e en Galicia, segundo datos do IGE (Fonte: SS 2010/Decembro):

	VIMIANZO	TERRA DE SONEIRA	GALICIA
TOTAL	2.614	6.303	987.713
HOMES	1.511	3.625	527.876
MULLERES	1.103	2.678	459.832

	VIMIANZO	TERRA DE SONEIRA	GALICIA
TOTAL	2.614	6.303	987.713
AGRICULTURA E PESCA	347	1.177	70.030
INDUSTRIA	442	914	147.256
CONSTRUCCIÓN	612	1.310	101.112
SERVIZOS	1.213	2.902	660.563






#### 1.1.4. Empresas


As seguintes estatísticas recollen datos referidos á condición xurídica e sector económico das empresas do municipio de Vimianzo, da comarca de Terra de Soneira, da provincia da Coruña e de Galicia.

	VIMIANZO	TERRA DE SONEIRA	PROVINCIA A CORUÑA	GALICIA
TOTAL EMPRESAS	681	1.553	87.879	209.870
PERSOAS FÍSICAS	482	1.112	51.786	121.965
SA	2	2	1.625	3.865
SRL	132	280	26.248	66.002
COOPERATIVAS	1	3	389	937
OUTRAS	64	156	7.831	17.101



	VIMIANZO	TERRA DE SONEIRA	PROVINCIA A CORUÑA	GALICIA
INDUSTRIA	81	168	6.242	16.269
CONSTRUCCIÓN	210	448	15.398	37.993
SERVIZOS	390	937	66.239	155.608






## 1.2. Análise das estatísticas de paro inscrito

É importante contextualizar no tempo as cifras de paro e comprobar en que medida a crise económica que estamos vivindo afecta a esta variable. Debemos considerar tamén que as cifras de poboación baixaron nos últimos tempos, polo que a tendencia alcista do número de demandantes, que perdura no 2010, ten máis peso aínda.

O cadro seguinte recolle as cifras de paro inscrito en cada mes de xaneiro dos últimos 6 anos, no municipio de Vimianzo:


ANO	DEMANDANTES INSCRITOS XANEIRO
2006	573
2007	513
2008	561
2009	600
2010	671
2011	638




## Estructura do paro por tramos de idade e sexo

Analizamos a continuación as cifras de paro inscrito, en función dos tramos de idade e o sexo:

HOME										
MENOR DE 20	ENTRE 20 E 24	ENTRE 25 E 29	ENTRE 30 E 34	ENTRE 35 E 39	ENTRE 40 E 44	ENTRE 45 E 49	ENTRE 50 E 54	ENTRE 55 E 59	MAIOR DE 59	Total
2	19	29	28	32	27	31	39	43	56	306
MULLER										
MENOR DE 20	ENTRE 20 E 24	ENTRE 25 E 29	ENTRE 30 E 34	ENTRE 35 E 39	ENTRE 40 E 44	ENTRE 45 E 49	ENTRE 50 E 54	ENTRE 55 E 59	MAIOR DE 59	Total
4	23	35	55	43	46	29	35	34	28	332
TOTAL										
MENOR DE 20	ENTRE 20 E 24	ENTRE 25 E 29	ENTRE 30 E 34	ENTRE 35 E 39	ENTRE 40 E 44	ENTRE 45 E 49	ENTRE 50 E 54	ENTRE 55 E 59	MAIOR DE 59	Total
6	42	64	83	75	73	60	74	77	84	638



Distribución da cifra de demandantes inscritos por sexo:





Concello de Vimianzo  
 CIF P-1509300-H  
 Praza do Concello, 6  
 15 129 – Vimianzo (A Coruña)  
 Tel. 981 716 001  
 www.vimianzo.es

## Estructura do paro por nivel formativo


Seguidamente observamos as estatísticas de paro en función do nivel formativo das persoas que demandan emprego:

HOMBRE												
ANALFABETOS	EDUCACIÓN PRIMARIA	PROGRAMAS FP SIN TITULACIÓN	PRIMERA ETAPA DE SECUNDARIA	PROGRAMAS FP. CON TIT. 1ª ETAPA	2ª ETAPA EDUCACIÓN SECUNDARIA	PROGRAMAS FP. CON TIT. 2ª ETAPA	F.P. SUPERIOR	OTRAS ENSEÑANZAS CON BACHILLER	ENSEÑANZA UNIVERSITARIA	ESPECIALIZACIÓN PROFESIONAL	ENSEÑANZA UNIV. TERCER CICLO	TOTAL
66	94	0	117	0	20	0	7	0	2	0	0	306
MULLER												
ANALFABETOS	EDUCACIÓN PRIMARIA	PROGRAMAS FP SIN TITULACIÓN	PRIMERA ETAPA DE SECUNDARIA	PROGRAMAS FP. CON TIT. 1ª ETAPA	2ª ETAPA EDUCACIÓN SECUNDARIA	PROGRAMAS FP. CON TIT. 2ª ETAPA	F.P. SUPERIOR	OTRAS ENSEÑANZAS CON BACHILLER	ENSEÑANZA UNIVERSITARIA	ESPECIALIZACIÓN PROFESIONAL	ENSEÑANZA UNIV. TERCER CICLO	TOTAL
49	86	0	119	1	32	0	24	0	21	0	0	332
TOTAL												
ANALFABETOS	EDUCACIÓN PRIMARIA	PROGRAMAS FP SIN TITULACIÓN	PRIMERA ETAPA DE SECUNDARIA	PROGRAMAS FP. CON TIT. 1ª ETAPA	2ª ETAPA EDUCACIÓN SECUNDARIA	PROGRAMAS FP. CON TIT. 2ª ETAPA	F.P. SUPERIOR	OTRAS ENSEÑANZAS CON BACHILLER	ENSEÑANZA UNIVERSITARIA	ESPECIALIZACIÓN PROFESIONAL	ENSEÑANZA UNIV. TERCER CICLO	TOTAL
115	180	0	236	1	52	0	31	0	23	0	0	638



Concello de Vimianzo  
CIF P-1509300-H  
Praza do Concello, 6  
15 129 – Vimianzo (A Coruña)  
Tel. 981 716 001  
www.vimianzo.es

**Distribución da cifra de demandantes inscritos por nivel formativo**





Concello de Vimianzo  
 CIF P-1509300-H  
 Praza do Concello, 6  
 15 129 – Vimianzo (A Coruña)  
 Tel. 981 716 001  
 www.vimianzo.es

## Estructura do paro por ocupacion demandada


O gráfico que figura a continuación reflexa a distribución do paro en función da **ocupación demandada** e do sexo. Observamos que as maiores cifras se centran no apartado de traballadores non cualificados, no que ten peso o paro feminino, e tamén en construción donde son os homes os que máis se apuntan.

HOME											
0	1	2	3	4	5	6	7	8	9		
DIRECCIÓN DE EMPRESAS E ADMON	TÉCNICOS E PROFESIONAIS CIENTÍFICOS	TÉCNICOS E PROF DE APOIO	EMPREGADOS DE TIPO ADMINISTRATIVO	TRABALL. DOS SERVICIOS DE RESTAUR	TRAB CUALIFICADOS NA AGRICULT	ARTESANS E TRAB CUALIFICADOS	OPERADORES DE INSTALACIONES E MAQUINARIA	TRABALLADORES NON CUALIFICADOS	FORZAS ARMADAS	SEN ASIGNAR	Total
0	1	11	5	17	15	147	37	73	0	0	306
MULLER											
0	1	2	3	4	5	6	7	8	9		
DIRECCIÓN DE EMPRESAS E ADMON	TÉCNICOS E PROFESIONAIS CIENTÍFICOS	TÉCNICOS E PROF DE APOIO	EMPREGADOS DE TIPO ADMINISTRATIVO	TRABALL. DOS SERVICIOS DE RESTAUR	TRAB CUALIFICADOS NA AGRICULT	ARTESANS E TRAB CUALIFICADOS	OPERADORES DE INSTALACIONES E MAQUINARIA	TRABALLADORES NON CUALIFICADOS	FORZAS ARMADAS	SEN ASIGNAR	Total
0	12	19	30	88	4	25	32	122	0	0	332
TOTAL											
0	1	2	3	4	5	6	7	8	9		
DIRECCIÓN DE EMPRESAS E ADMON	TÉCNICOS E PROFESIONAIS CIENTÍFICOS	TÉCNICOS E PROF DE APOIO	EMPREGADOS DE TIPO ADMINISTRATIVO	TRABALL. DOS SERVICIOS DE RESTAUR	TRAB CUALIFICADOS NA AGRICULT	ARTESANS E TRAB CUALIFICADOS	OPERADORES DE INSTALACIONES E MAQUINARIA	TRABALLADORES NON CUALIFICADOS	FORZAS ARMADAS	SEN ASIGNAR	Total
0	13	30	35	105	19	172	69	195	0	0	638





Concello de Vimianzo  
CIF P-1509300-H  
Praza do Concello, 6  
15 129 – Vimianzo (A Coruña)  
Tel. 981 716 001  
www.vimianzo.es



### Estructura do paro en función do sector de actividade

Os datos que figuran a continuación recollen as cifras de demandantes de emprego distribuídas por **sector de actividade**.

HOME						
AGRIC E PESCA	INDUSTRIA	CONSTRUCION	SERVIZOS	SECTOR SEN ACTIV	Sen asignar	Total
21	40	162	73	10	0	306


  

MULLER						
AGRIC E PESCA	INDUSTRIA	CONSTRUCION	SERVIZOS	SECTOR SEN ACTIV	Sen asignar	Total
12	93	14	165	48	0	332

TOTAL						
AGRIC E PESCA	INDUSTRIA	CONSTRUCION	SERVIZOS	SECTOR SEN ACTIV	Sen asignar	Total
33	133	176	238	58	0	638

Distribución do número de demandantes por sectores



### 1.3. Conclusións

- Segue habendo máis número de mulleres demandantes, aínda que a cifra está moi próxima á de homes. Con respecto a isto cabe destacar o aumento que experimentou a cifra de mulleres demandantes que, aínda que non están ocupadas, é un paso cara a igualdade.
- En canto ó comportamento por idade, vemos que no tramo comprendido entre os 20 e os 54 anos, o número de mulleres supera ó de homes en todos os tramos. Isto é consecuencia da recente incorporación da muller ó mercado laboral que tamén incidiu nunha maior taxa de actividade.
- A construción concentra a maior parte dos homes que buscan emprego, mentras que nos outros sectores despuntan as mulleres, salvo na agricultura e pesca. Vemos neste apartado as consecuencias da crise económica e do declive da promoción de obras.
- O apartado da ocupación demandada reflicta a intención dos homes de continuar na profesión da construción e a das mulleres de incorporarse ó coidado das persoas.
- A formación académica dos demandantes amosa unhas altas cifras nos apartados de nivel básico, sobre todo en Educación Secundaria Obrigatoria e Estudos Primarios.
- As cifras de poboación reflictan unha tendencia á baixa.
- Os datos de afiliación reflicten unha maior ocupación de homes e tamén vemos que o peso do sector terciario non acadou a proporción da comunidade.
- Existen poucas empresas dedicadas á industria (81 de 681), pero empregan a 442 persoas, do 2.614 afiliadas á SS.



## 2. Plans e proxectos de desenvolvemento na Costa da Morte

## Grupo de Desenvolvemento Rural. Asociación Costa da Morte GDR

A Unión Europea impulsa o programa Leader (Ligazón entre as actividades de desenvolvemento da economía rural) dende o ano 1991, para descentralizar as políticas de desenvolvemento rural. Deste xeito, os diferentes territorios do rural deixan de ser meros destinatarios destas políticas pra converterse nos protagonistas do seu propio desenvolvemento. Trátase dun enfoque de abaixo cara arriba, xa que a estratexia se define no ámbito local. A capacidade de decisión reside nunha unión de axentes locais (públicos e privados) que desenvolven os proxectos tratando de implicar os diferentes sectores da zona, fomentando a cooperación e o traballo en rede e incorporando a innovación ao seu traballo. Para o éxito deste enfoque é fundamental a implicación da poboación de cada zona xa que é de quen dependen os procesos que se xeren e máis os resultados que se obteñan.

Subvención concedida para a Asociación Costa da Morte GDR:

3.580.607 €

Liñas estratéxicas:

### DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL

Investimentos no sector agrario

- o Investimentos en novas tecnoloxías de produción en explotacións agrarias
- o Mellora da calidade xenética das plantacións
- o Fomento de marcas de calidade: porco celta
- o Instalacións de enerxías alternativas nas explotacións (xeotérmica,...)
- o Xornadas de difusión e promoción de enerxías alternativas
- o Fomento do código de boas prácticas agrarias no uso do xurro
- o Emprego das TIC's para a comunicación directa cos centros de interese
- o Innovación na comercialización mediante TIC,s

Aumento do valor engadido dos montes

- o Apoio á creación empresarial de servizos de asesoramento para mellorar a xestión das explotacións e dos montes
- o Fomento das asociacións para a explotación dos montes (UXFOR)
- o Iniciativas de aproveitamento do sotobosque mediante animais (vacas, ovellas,...)
- o Posta en valor do patrimonio do monte
- o Impulso da plantación de frutícolas para a produción de sidra
- o Implantación da Certificación forestal sostible (FSC, PERFC,...)
- o Viveiro de plantas ornamentais (acivos, camelias, ...)
- o Mellorar a calidade e seguridade dos produtos mediante o establecemento de Sistemas de Calidade e Trazabilidade

Aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais

- o Apoio á comercialización dos produtos da horta
- o Creación dun portal de produtos da Costa da Morte multiproduto (alimentación, artesanía, flor...) e multiusos, para a compra/venda e a distribución de produtos
- o Estudos de viabilidade da posta en marcha do portal multiusos
- o Transformación e comercialización doutros produtos forestais como a cortiza, resina, toxo, cogumelos,...
- o Potenciar a transformación da madeira
- o Comercialización dos produtos do monte (mel,...)

Cooperación para desenvolver novos produtos, procesos e tecnoloxías nos sectores agrario, alimentario e forestal

- o Fomento do sector hortícola
- o Fomento da agricultura ecolóxica e a helicultura
- o Fomento do asociacionismo o cooperativismo pra compartir maquinaria (CUMAS)

#### **MELLORA MEDIOAMBIENTAL DO CONTORNO RURAL**

Investimentos non produtivos en explotacións agrarias

- o Investimentos para a diminución da contaminación polo xurro
- o Fomento do consumo responsable da auga

Investimentos non produtivos en espazos forestais

- o Actuacións para a mellora medioambiental dos montes, por exemplo con especies autóctonas (carballo, castaño, etc.)

Investimentos non produtivos para a adecuación, recuperación e posta en valor do patrimonio natural no contorno rural

- o Posta en valor do contorno dos ríos e de todo o que ten que ver coa auga: muíños, batáns, mananciais, fontes, ...
- o Habilitación dun parque xeomorfolóxico
- o Accións de uso social e educativo e recreativo dos montes (excursións escolares, visitas turísticas e de natureza, etc.)
- o Establecer rutas ecolóxicas e accesibles
- o Recuperación das pontes tradicionais: rehabilitación e posta en valor

#### **DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA**

Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida

- o Agroturismo: servizos de turismo e granxas
- o Realización dunha campaña de marketing dos produtos locais
- o Acondicionamento e modernización das explotacións cara aos novos servizos de agroturismo
- o Servizos directos de venda de produtos locais nas explotacións
- o Talleres prácticos sobre a actividade de agricultura ecolóxica
- o Actividades de formación e información no sector hortícola, de flor e de silvicultura
- o Fomento e posta en marcha dunha cooperativa de servizos artesanais.
- o Creación de puntos de venda e comercialización de produtos locais agrarios, forestais, artesanais, etc. integrados nos restaurantes, comercios, lugares de interese

- o Curso de agricultura ecolóxica: produción e comercialización
- o Infraestruturas para o deporte a través da ampliación das existentes
- o Talleres de interconexión xeracional
- o Acondicionamento dunha explotación agraria para a súa adaptación a granxa escola
- o Posta en marcha dunha Casa de acollida das mulleres
- o Centro de promoción da igualdade para o desenvolvemento rural
- o Creación dunha escola de formación en oficios tradicionais (cestería, queixeiros...)

Creación, ampliación, modernización e/ou traslado de pemes, en sectores da economía diferentes ao da produción agraria primaria

- o Fomento de microempresas de servizos
- o Fomento de redes de empresas
- o Estudos de viabilidade técnica de iniciativas de traballo

Fomento de actividades turísticas

- o Mellora da información das rutas turísticas existentes
- o Actividades de promoción dos recursos turísticos
- o Fomento da colaboración mixta casa rural-explotación; casa rural-propietarios de montes, etc., para a creación de paquetes turísticos
- o Creación dun museo etnográfico e de apeiros
- o Creación e acondicionamento dunha ruta de sendeirismo que conecte a tódolos concellos

Servizos básicos para a economía e a poboación rural

- o Capacitación dos profesionais
- o Transporte colectivo
- o Mellorar o acceso aos puntos de interese
- o Rede galega de centros ao aire libre
- o Actividades de rehabilitación de muíños para a produción de enerxía
- o Creación dunha aula para talleres medioambientais
- o Programa de formación medioambiental para a poboación nos valores máis representativos do territorio
- o Creación de rutas de dolmens, petroglifos, hórreos, rutas a cabalo...
- o Observatorio didáctico do agrosistema
- o Creación de rutas ornitolóxicas con puntos de observación de aves
- o Programa de promoción e valorización do patrimonio agrario e forestal, vinculando a tradición coa modernidade
- o Elaborar un inventario de rutas e camiños tradicionais e elaboración dunha guía
- o Creación dun espazo Land Art

## Grupo de Acción Costeira. Asociación GAC Costa da Morte

Os GAC xestionarán os fondos do Eixo 4 dos Fondos Europeos da Pesca do Plan Estratégico Nacional. É unha liña de axuda económica que orienta o **destino destes fondos** ca a sustentabilidade social, económica e ambiental das zonas costeiras para:



- Mellorar a comercialización e revalorizar os produtos da pesca
- Manter o emprego mediante a diversificación económica e a reestructuración social
- Promover a calidade ambiental da costa e o medio marino
- Promover a cooperación nacional e transnacional entre as zonas costeiras a través da creación de redes
- Promover a igualdade entre homes e mulleres

○ GAC Costa da Morte seleccionou os seguintes eixos estratéxicos, coas súas liñas de actuación:

<b>Eixo 1. Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro, en especial a través da mellora da comercialización</b>
<p><b>Liña 1:</b> Proxecto de mellora da comercialización do sector pesqueiro a través das Lonxas da Costa da Morte</p> <p><b>Liña 2:</b> Mellora das actividades vinculadas coa cadea pesqueira (Clúster).</p> <p><b>Liña 3:</b> Proxectos de I+D vinculados co Mar: "Costa da Morte innovadora"</p>
<b>Eixo 2. Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación</b>
<p><b>Liña 1:</b> Espazos temáticos do Mar</p> <p><b>Liña 2:</b> Hostelería do mar</p> <p><b>Liña 3:</b> Pesca Turismo</p> <p><b>Liña 4:</b> Programa de apoio a novos emprendedores/-as (multisectorial)</p> <p><b>Liña 5:</b> Programa de Eventos e Mercados na Costa da Morte</p>
<b>Eixo 3. Mellora do contorno natural e a calidade ambiental</b>
<p><b>Liña 1:</b> Proxectos empresariais medioambientais</p> <p><b>Liña 2:</b> Rutas e sendeiros</p> <p><b>Liña 3:</b> Patrimonio histórico e cultural: rehabilitación de infraestruturas e espazos ociosos no litoral</p> <p><b>Liña 4:</b> Conservación de espazos naturais, praias e espazos forestais</p> <p><b>Liña 5:</b> Programa de voluntariado ambiental</p>
<b>Eixo 4. Promoción da cohesión social</b>
<p><b>Liña 1:</b> Apoio a empresas de servizos sociais e creación de equipamentos</p> <p><b>Liña 2:</b> Rede cultural</p> <p><b>Liña 3:</b> Programa educativo sobre a cultura mariñeira</p>

## Eixo 5. Fomento da igualdade de oportunidades

**Liña 1:** Vertebración do movemento social feminino a través de axudas as asociacións de mulleres para o desenvolvemento de actividades propias

**Liña 2:** Formación específica en materia de xénero e accións de reforzo do empoderamento feminino.

**Liña 3:** Servizos de información especificamente orientados ás mulleres, ben xa existentes ou de nova creación

**Liña 4:** Apoio ou creación de mesas de traballo sobre a muller a través das concellerías sectoriais

**Liña 5:** Desenvolvemento de programas de conciliación tales como Bancos de tempo, que poden desenvolverse en colaboración coa administración autonómica

**Liña 6:** Estudos de xénero específicos que poñan en valor o papel da muller na Costa da Morte, especialmente na pesca-mar.

## Consortio de Turismo da Costa da Morte

É un ente que nace co obxecto de artellar a cooperación entre administracións públicas e empresas do sector para o desenvolvemento e a consolidación do destino turístico Costa da Morte. Preténdese:

- Incrementar a competitividade e a rendibilidade económica e social da actividade turística na Costa da Morte
- Reducir a estacionalidade
- Incrementar o gasto diario e da estancia media, a través da cualificación integral do destino turístico

## Plan estratéxico da provincia da Coruña

A Diputación Provincial da Coruña elaborou o Plan estratéxico da provincia da Coruña 2007-2013. Resumimos as súas liñas e obxectivos a continuación:

LIÑAS ESTRATÉXICAS	OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS
Poboación e mercado de traballo	1. Combatir o cambio de mográfico (frear o aumento da taxa de dependencia)

	<ol style="list-style-type: none"> <li>2. Utilización eficiente dos recursos humanos</li> <li>3. Igualdade de oportunidades e mellora das condicións de traballo</li> <li>4. Fomento do emprego</li> </ol>
Agricultura	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Mellora da competitividade dos produtos agrarios e dos seus elaborados pola agroindustria</li> <li>2. Apoio á sustentabilidade e multifuncionalidade do sector agrario</li> <li>3. Promoción da diversificación económica e mellora da calidade de vida das zonas rurais</li> <li>4. Mellorar a xestión das terras por medio da ordenación de usos, a redución das abandonadas e a ampliación da dimensión territorial das explotacións</li> </ol>
Marisqueo e pesca artesanal	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Adaptación da flota pesqueira</li> <li>2. Acuicultura, transformación e comercio</li> <li>3. Proxectos de intereses colectivos</li> <li>4. Desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras</li> </ol>
Industria	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Creación de infraestruturas de apoio á actividade industrial</li> <li>2. Mellora da capacidade tecnolóxica e fomento das TIC</li> <li>3. Melloras medioambientais e iniciativas de apoio e promoción aos emprendedores</li> <li>4. Recuperación das áreas degradadas pola actividade industrial</li> <li>5. Apoio ao sector industrial da madeira e á artesanía</li> </ol>
Construción	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Ordenación da edificación e mellora da calidade urbana e paisaxística do contorno. Promover a sustentabilidade medioambiental e o equilibrio territorial</li> </ol>
Comercio ao por menor	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Creación de infraestruturas de apoio á actividade comercial</li> <li>2. Implantación de novas tecnoloxías</li> <li>3. Apoio ao emprendedor e ordenación do solo comercial</li> <li>4. Apoio e divulgación da oferta de calidade do comercio e da artesanía</li> <li>5. Actuacións en lugares de características singulares</li> </ol>
Turismo	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Xestión integral e coordinada dos destinos turísticos da provincia</li> <li>2. Mellora da competitividade turística</li> <li>3. Creación de produtos turísticos e promoción integral do territorio</li> <li>4. Promoción e comercialización dos destinos</li> </ol>

Sociedade da información	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Desenvolvemento das infraestructuras de telecomunicacións e tecnoloxías da sociedade da información</li> <li>2. Desenvolvemento de aplicacións das tecnoloxías da información e comunicación nas pemes, os sectores productivos e concellos</li> <li>3. Instrumentos de xestión de I+D e dinamización da sociedade da información</li> </ol>
Planificación territorial e chan industrial	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Busca dun maior equilibrio territorial entre os sistemas urbáns e rurais da provincia</li> <li>2. Definir un modelo de ocupación do territorio provincial, adaptado ao da comunidade, que condicione as distintas políticas sectoriais</li> </ol>
Infraestructuras viarias	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Desenvolver un sistema de planificación e xestión integral das estradas locais que potencie a mellora das infraestructuras viarias da provincia</li> <li>2. Aumentar a calidade técnica e funcional das estradas provinciais</li> <li>3. Potenciar as infraestructuras viarias da provincia como medio integrador da mobilidade territorial mediante distintas formas de transporte</li> </ol>
Ferrocarrís e transporte público	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Avaliación, planificación e publicidade dos resultados</li> <li>2. Servizos ferroviarios rexionais</li> <li>3. Servizos ferroviarios de cercanías</li> <li>4. Servizos por estrada</li> </ol>
Portos	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Portos comerciais de interese xeral</li> <li>2. Portos autonómicos: comerciais, pesqueiros, deportivos</li> <li>3. Grandes terminais de produtos petrolíferos de portos</li> <li>4. Aproveitamento de enerxías renovables en portos</li> </ol>
Abastecemento e saneamento	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Mellora das infraestructuras de abastecemento</li> <li>2. Mellora na prestación do servizo de abastecemento</li> <li>3. Mellora das infraestructuras de saneamento</li> <li>4. Mellora na prestación do servizo de saneamento</li> <li>5. Desenvolvemento de accións complementarias para mellorar a cultura e xestión da auga</li> </ol>
Medio fluvial	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Planificación hidrolóxica</li> <li>2. Obras hidráulicas</li> </ol>
Equipamentos	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Estructurar os equipamentos públicos con base en áreas con certa afinidade e posibilidade de prestación de servizos</li> </ol>

	2. Mellora dos equipamentos provinciais para proporcionar unha mellor calidade de vida á poboación
Deputación provincial e Cooperación local	1. Definir o papel da Deputación Provincial na cooperación local

Vimianzo, 9 de febreiro de 2011